



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 28 DE DECEMBRO DE 2019

Alcalde-Presidente:

D. Carlos Ladra Brage

Concelleiros/as;

D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D^a. Diana M^a. Rodríguez Fernández(Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (Gr. BNG)

D^a. Paula González Grueiro (Gr. BNG)

D^a. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Manuel González López (Gr. Popular)

D. Javier Fernández Brage (Gr. Popular)

D^a.M^a. José Bouza Varela (Gr. Popular)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (En Marea-Gr.Mixto.

Secretaria-Interventora accidental:

D^a. Susana Fernández Muiño

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as once horas do día vinte e oito de decembro de dous mil dezanove, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa asistencia da Secretaria-Interventora accidental, dona Susana Fernández Muiño, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da convocatoria.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, xustifica a urxencia da convocatoria polo feito de que unha vez falado con tódolos grupos, á vista de que os días 30 e 31 de decembro no podían estar presentes tódolos membros da Corporación, por acordo de todos os grupos acordouse convocar o Pleno para o día de hoxe.

De seguido abre a quenda de intervencións.

Non habendo intervencións ao respecto, o Sr. Alcalde, Ladra Brage, somete a urxencia da convocatoria a votación, quedando aprobada por unanimidade, con once votos a favor, dos representantes do Grupo Popular, Grupo Socialista, Grupo BNG, concelleira de AEC (Grupo Mixto) e concelleiro de EM (Grupo Mixto), ningún voto en contra e ningunha abstención.

2. Proposta acordo ANE e PEF 2019-2020.

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que manifesta que como xa se expuxo na Comisión Informativa do día 26 de decembro, o presente punto trata dunha proposta de acordo sobre a adopción de acordos de non dispoñibilidade de créditos en relación aos requirimentos de datas 3 de xuño e 15 de outubro de 2019 da Dirección Xeral





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

de Política Financeira, Tesouros e Fondos Europeos, por incumprir a regra de gasto nos exercicios 2017 e 2018. Inclúese na Orde do Día unha proposta de acordo, na que se explican os antecedentes, os incumprimentos dos exercicios 2017 e 2018, a a previsión de gastos e ingresos, segundo a contabilidade municipal a 30 de novembro de 2019 e gastos pendentes que incrementarían dita previsión a 31 de decembro de 2019.

Nesta proposta de acordo, á vista do estado de execución do orzamento, agárdase que este Concello retome a senda de gasto legalmente permitida, cumprindo a regra de gasto para esta anualidade 2019, establecendo nas conclusións, a maiores, que en base aos principio de prudencia financeira e garantía do cumprimento de tales límites, ante eventuais desviacións das proxeccións efectuadas, propónse a adopción de acordos de non dispoñibilidade de créditos nas aplicacións orzamentarias definidas na proposta de acordo, por importe de 47.700,00 euros. Unha vez adoptado dito acordo darase conta á Xunta de Galicia á espera do que resulte da liquidación do orzamento 2019.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha primeira quenda de intervencións.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, solicita que se explique por que se recorta nesas partidas e non noutras.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, manifesta que non hai previsión de gastos nesas partidas e por iso se propoñen para non dispoñibilidade.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que é unha decisión política. Non están de acordo con esta decisión xa que había outras partidas susceptibles dese recorte. Nese sentido o seu voto será en contra desta proposta.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage abre unha segunda quenda de intervencións.

Non existindo máis intervencións, a Presidencia somete a votación a proposta de acordo, resultando seis votos a favor, dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), un voto en contra do concelleiro de EM (Grupo Mixto) e catro abstencións dos representantes do Grupo Popular, resultando aprobada a proposta de acordo.

3. Orzamento Corporación 2020.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra á Secretaria-Interventora accidental, que informa que coa notificación da convocatoria da sesión achegouse a documentación incluída no expediente administrativo: orzamento de ingresos, orzamento de gastos, liquidación orzamento 2018 e estado de execución do orzamento a 23 de decembro de 2019, Anexo de Persoal, Anexo de Investimentos, Informe Económico Financeiro, Memoria explicativa da Alcaldía, Bases de Execución, estado de débeda, Informe de Intervención, así como Ditame da Comisión de Contas, Facenda e Persoal de data 26 de decembro de 2019.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Informa que o concelleiro de EM (Grupo Mixto), D. Xosé Manuel Pérez Sardiña acaba de presentar ao inicio da sesión sete emendas ao Ditame da Comisión de Facenda sobre o proxecto de Orzamento para o exercicio 2020.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, dá a palabra ao Concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, para que expoña as emendas presentadas ao Ditame da Comisión de Contas, Facenda e Persoal, de data 26 de decembro de 2019:

De seguido, o concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, expón as emendas:

“EMENDA NÚM. 1 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2020

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 1 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2020:

Reducir asesorías externas en informática, comunicación (nova) e asesoría xurídica

Motivación

Como nos orzamentos anteriores o tripartito persiste na contratación de asesorías mediante empresas ou profesionais externos á Corporación contratadas mediante procedemento negociado sen publicidade. O goberno tripartito segue sumando recursos económicos a asesorías externas que sumaron en 12 anos máis de medio millón de euros. Consecuentemente, o esforzo dos veciños e veciñas en impostos desviouse para gastos innecesarios e non obrigatorios.

Así mesmo, os servizos técnicos municipais poderían desempeñar as direccións de obra externalizadas, con graves problemas denunciados por veciñas en canto á execución de obras tanto no Penso, onde o pagamento do ano 2018 tivo reparo de intervención, coma noutras obras municipais onde mesmo a asistencia externa chegou a certificar unha obra sen acabar en Fontao.

O cambio que demanda a cidadanía lévanos automaticamente a reducir estas asesorías realizadas por entidades externas á Corporación que fan deficiente a xestión municipal en asuntos de competencia directa da Corporación.

Tanto o servizo web, a través da sede electrónica <http://sede.cabanas.es>, como o servizo de asistencia a municipios, con asesoría de balde e mais defensa xurídica de balde están a desenvolver as mesmas funcións que agora o goberno tripartito replicou estes anos cun staff paralelo á administración municipal, pagado a través de facturas mensuais. Se é urxente e necesaria unha asesoría ou unha acción concreta na web hai recursos sen ter que manter todos os meses soldos paralelos.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- Diminuír en 15.000 € a partida 2.22.22799, programa 9200, ficando en 1.000 €
- Diminuír en 5.000 € a partida 2.22.22799, programa 9202, ficando en 1.000 €
- Diminuír en 2.000 € a partida 2.22.22799, programa 9203, eliminando a partida
- Diminuír en 18.000 € a partida 2.22.22604, programa 9200, ficando en 5.000 €





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- Destinar 30.000 € das baixas á partida de infraestrutura viaria, programa 1532 pavimentación de viais municipais (investimentos reais)
- Destinar 4.500 € das baixas a "Estudo de ampliación do Centro de Saúde de Cardeita" partida 2.22.22706 programa 312
- Destinar 4.500 € das baixas a "Estudo técnico de ampliación do CEIP "Eladia Mariño de Porto" partida 2.22.22706 programa 3210.

Cabanas, 28 de decembro de 2020”.

“EMENDA NÚM. 2 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2020

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 2 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2020:

Reducir as partidas de atencións protocolarias, publicidade e propaganda

Motivación

Desde 2007 os gobernos municipais encabezados polo Partido Popular incrementaron os gastos discrecionais en propaganda e atencións protocolarias. En 2020 a proposta do goberno local mantén 1500 € en atencións protocolarias e 3000 € en propaganda. A partida de Atencións Protocolarias achegouse aos 863 euros de gasto no presente exercicio de 2019 e propaganda acadou os 1996,50, case tres veces máis máis ca os recursos destinados a Emerxencia Social (1064 euros).

Polo tanto, e en resposta ás demandas de veciños e veciñas por de cara a atender a emerxencia climática en detrimento de gastos innecesarios en autopropaganda.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- Diminuír en 1.000 € a partida 2.22.22601, programa 9202, ficando en 500 €
- Diminuír en 2.000 € a partida 2.22.22602, programa 9202, ficando en 1.000 €
- Destinar as baixas que suman 3.000 € ao programa 1721 (investimentos reais) de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

Cabanas, 28 de decembro de 2020.”

“EMENDA NÚM. 3 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2020

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 3 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2020:





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Reducir a partida de Festa de Santa Marta

Motivación

Presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame co fin de evitar o incremento de case un 43% na partida de festexos:

- Diminuír en 10.000 € a función económica 22699, programa 3381,(Festa de Santa Marta), ficando en 10.000 €
- Destinar a baixa de 10.000 € á partida de protección e mellora do , programa 1720 (investimentos reais): repoboación do piñeiral da Madalena e tratamento da procesionaria.

Cabanas, 28 de decembro de 2020.”

“EMENDA NÚM. 4 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2020

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 4 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2020:

Emenda ás Bases de execución

Motivación

Estudando as bases de execución e considerando a súa estrutura idéntica á de anos anteriores, presentamos as seguintes emendas encamiñadas a garantir que o Pleno recupere competencias no control do orzamento municipal e liberar recursos para programas de acción social, actualización da rede de abastecemento e un proxecto de dinamización empresarial para o polígono de Vilar do Colo.

Constatamos que as actuacións da partida de Emerxencia Social requiren a elaboración dun plan integral de actuación na área para solucionar a pobreza enerxética ou mellorar a ordenanza de emerxencia social que atendería as necesidades das familias en situación de vulnerabilidade social. A nosa aposta para a presente lexislatura será implantar unha renda social básica para que ningún quede atrás.

Deste xeito, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame:

- 1ª Que a vinculación sexa á partida orzamentaria (Base 6ª).
- 2ª Que o expediente de transferencia, agás para gastos de persoal, sexa competencia do Pleno da Corporación (Base 10ª).
- 3ª Que se supriman as asignacións por asistencia a reunión de Xunta de Delegados, asistencia a reunións de órganos externos e as dedicacións de tenencia de alcaldía e delegación de servizos, diminuírse a contía para a alcaldía ata 20.000 euros (Base 37ª).

Asemade, presentamos as seguintes modificacións parciais ao ditame en relación a soldos políticos:

- Diminuír en 15.000 € a función económica 10000, programa 9120. Destinar esta baixa a investimentos reais, no programa 1610 de abastecemento domiciliario co fin de substituír tubaxes de fibrocemento.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- Diminuír en 15.000 € a función económica 10000, programa 9120. Destinar esta baixa a persoal laboral temporal de medio ambiente, no programa 13101 co fin de promover un plan de emprego local.
- Diminuír en 16.000 € a función económica 10000, programa 9120. Destinar esta baixa a conservación e rehabilitación de vivendas, no programa 1522.780.04 para axudas a rehabilitación en xeral e por causa de inundacións e/ou temporais.
- Diminuír en 14.000 € a función económica 16000, programa 9120. Destinar esta baixa a emerxencia social 48480, programa 2310, dotada de 10.000,00 € e que pasaría a 24.000,00 € co fin de habilitar unha liña de axudas por temporais a familias con poucos recursos.
- Diminuír en 39.000 € a función económica 23300, programa 9121. Destinar esta baixa a mellora de edificios e outras construcións 63201, no programa 4330 de desenvolvemento empresarial.

Cabanas, 28 de decembro de 2020”

“EMENDA NÚM. 5 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2020

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 5 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2020:

Incluír o seguinte anexo de investimentos reais

Motivación

Tal e como viñemos facendo ao longo do ano a través de distintas propostas de actuación entendemos que o orzamento municipal debe recoller as actuacións que o Concello de Cabanas vai levar a cabo no apartado de investimentos reais no relativo a viais municipais, saneamento ou abastecemento. É por iso que estes servizos básicos deben atenderse e, deste xeito, propoñemos o seguinte anexo de Investimentos:

1.- Plan Municipal de Abastecemento:

- Depósito con dous compartimentos para mancomunar con Fene e abastecemento ás parroquias de Irís (a partir de cota 230 m), Regoela, Santa Cruz e Soaserra.
- Abastecemento a Irís: Pedra do Couto, Formarís, A Caneta, Lugar de García, Os Currás, A Fonte, A Igrexa, Traseiras e Balvís.
- Abastecemento a Pena do Pico, Os Anidos, Val e O Lodeiro.

2.- Plan Municipal de Saneamento

- Saneamento a Soaserra (Cerdeiras, Os Sardiñas, Paz, Os Durás, Os Lamas, O Igrexario, Xabarís).
- Saneamento a Santa Cruz do Salto (O Alto, Os Ribas, O Cotiño, Os Bouces, O Feal, Os Martices e O Igrexario).
- Saneamento a Irís (A Caneta, Lugar de García, Os Currás, A Fonte, A Igrexa, Traseiras e Balvís).
- Saneamento ás Modias.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

- Saneamento a Regoela.
- Saneamento ao Salto de Irís (Salto de Riba e Salto de Baixo).

3.- Plan Municipal de Camiños

- Recollida de augas e aglomerado do Camiño dos Chaos (Laraxe) e do Camiño Vello (Travesía do Peón).
- Recollida de augas e aglomerado do Camiño do Batán (Porto).
- Recollida de augas e aglomerado do Camiño de Xabarís
- Reparación do saneamento, recollida de augas e aglomerado do camiño das Viñas (rúa das Viñas).
- Recollida de augas, reposición e ampliación do camiño do cemiterio do Peteiro.
- Recollida de augas e zahorrado do Camiño do Covo (Pedreiras, Laraxe).

Cabanas, 28 de decembro de 2020.”

Durante a exposición das emendas o concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña retira a emenda nº 6.

“EMENDA NÚM. 7 AO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE CABANAS PARA O EXERCICIO 2020

Xosé Manuel Pérez Sardiña como portavoz municipal da Marea de Cabanas, mediante o presente escrito, e ao abeiro dos dereitos que lle outorga o ROF, eleva ao Pleno da Corporación emenda número 7 ao ditame da Comisión de Facenda e Contas de 26 de decembro sobre o proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2020:

Emenda á proposta de acordo

Motivación

Tendo en conta a proposta que fixemos en anteriores exercicios e a tramitación reiterada dos orzamentos municipais en datas de nadal, pouco axeitadas para formar o expediente e co fin de facilitar a formación dun expediente transparente e participativo do orzamento municipal do Concello de Cabanas así como a publicación na web municipal do expediente orzamentario coma da totalidade da aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal, cumprindo a lexislación relativa a protección de datos de carácter persoal.

Tendo en conta a lexislación vixente en canto a tramitación do orzamento municipal e a proposta que fixo no seu momento o PDDdG sobre a participación veciñal nos orzamentos e nos instrumentos urbanísticos.

Tendo en conta a lexislación vixente para modificación de ordenanzas fiscais municipais

Presentamos as seguinte engádegas á proposta de acordo:

- Establecer o seguinte calendario para a tramitación do Orzamento municipal do Concello de Cabanas nas vindeiras anualidades:
 1. Aprobación da alcaldía do proxecto de orzamento municipal antes do 31 de outubro: entrega do documento a grupos políticos e asociacións veciñais.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

2. Apertura de prazo de 20 días hábiles para presentar emendas de grupos políticos e propostas de participación veciñal.
 3. Informe do grupo de goberno sobre emendas de grupos políticos e propostas veciñais antes do 5 de decembro.
 4. Debate e votación de emendas e propostas na Comisión de Facenda antes do 12 de decembro.
 5. Debate e votación en Pleno do orzamento antes do 22 de decembro.
- Que se publique na web municipal de Transparencia o expediente completo do Orzamento Municipal para 2020 e as contestacións das alegacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación o pasado 31 de outubro de 2018 ao abeiro do establecido no artigo 87 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
 - Que se abra expediente para modificar as ordenanzas do ICIO, do IVTM, do IBI e da taxa de obras e construcións.

Cabanas, 28 de decembro de 2020”.

Rematada a exposición das emendas ao Ditame da Comisión de Contas, Facenda e Persoal, o Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, manifesta que desde o Grupo de Goberno terán en conta estas alegacións que presenta para o futuro, pero non serán tidas en conta para este exercicio.

A Presidencia somete a votación ás emendas ao Ditame da Comisión de Contas, Facenda e Persoal, de data 26 de decembro de 2019, resultando un voto a favor co concelleiro de EM (Grupo Mixto), cinco votos en contra, dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG, e cinco abstencións dos representantes do Grupo Popular e concelleira de AEC Grupo Mixto), resultando rexeitadas as emendas.

Finalizada a votación, o Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre a primeira quenda de intervencións ao punto tres da Orde do Día, Orzamento Corporación 2020.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que se recollen a continuación:

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, manifesta que en relación ao proxecto de Orzamento do Concello de Cabanas ven que o nivel de gasto segue moi contraído; non entenden como se pode incrementar a recadación polo imposto de vehículos de tracción mecánica,

En anos anteriores houbo actualización do IBI, estando no máximo de recadación, atopándonos con previsións pouco realistas en canto a que se está ingresando menos do que está previsto todos os anos; igualmente nas partidas de obras, tanto do ICIO como da taxa correspondente, que están en principio por debaixo das previsións de anos anteriores.

Non se prevé unha aprobación do PXOM, que trae cuestións importantes, como son os servizos sociais comunitarios que acabamos de demandar, como son o colexio e a ampliación





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

centro de saúde; manifesta que prever un crecemento sen dotar de servizos é contradictorio, considerando que o PXOM non está a resolver os problemas da cidadanía. Presentamos estas emendas para que se faga un orzamento adecuado á realidade.

Os impostos e taxas non se renovaron seguindo criterios de progresividade, entendendo que debemos adaptarnos á situación económica da crise, que na comarca está producindo peche de empresas e industrias que teñen graves problemas á hora de ir para adiante. O Concello deben proceder á modificación das taxas de dos impostos e crear plans de emprego para tratar, dentro do posible, mitigar esta situación.

O incremento das partidas de axudas de emerxencia social debe ir orientada ao que é unha renda básica, e non se está a facer así; a proposta de 10.000 euros proposta non chega para unha renda básica; ademais non ten unha modificación da Ordenanza que explique o motivo do aumento, porque modificar a contía sen modificar o marco normativo non xera solucións.

En canto á situación do Penso, coa adxudicación e a execución da obra houbo bastantes deficiencias e hai problemas pendentes, e non vemos consignación no orzamento, a pesar de que teñen coñecemento.

Un ano máis seguen constatando que o orzamento que se entrega non se entende; a denominación das partidas debería ter outra linguaxe que todos podan comprender, evitando denominacións como “gastos diversos”.

Seguen constatando a duplicidade de gastos, en detrimento de recursos propios e persoal propio, que están infrautilizados a pesar da profesionalidade dos traballadores públicos, con recursos a asesorías externas.

Respecto á creación de emprego vemos a necesidade de desenvolver un Plan de Emprego; sabemos das dificultades que ten o concello á hora de acceder a outro tipo de fondos, pero o concello ten que apostar con recursos propios sen ter que depender doutras administracións.

Manifesta a necesidade de realizar novas Bolsas de Traballo para Axuda a Domicilio, limpeza e traballadores de obras, porque está habendo renuncias e hai postos que non se están cubrindo, coa consecuencia de recortes de dereitos laborais.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta en primeiro lugar desde o Grupo Popular o agradecemento por cambiar a data do presente Pleno.

Manifesta, referíndose ao grupo de goberno, que vendían os orzamentos participativos, considerando que os presentes orzamentos non o son porque antes se facilitaba o borrador previamente para facer propostas; en orzamentos anteriores incluíronse propostas doutros grupos sen ningún problema. Reitera que o grupo de goberno non lle deu á oposición esa posibilidade, non deixando facer nin a primeira proposta.

Non van a facer emendas porque xa teñen redactados os orzamentos a súa medida partidista, polo que non van a perder o tempo en facer unhas emendas que non van ser tidas en conta.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Por outra banda, manifesta, que presumen de facer un orzamento social; uns orzamentos sociais dan tamén prioridade ás partidas de obras e servizos para todos os veciños, que neste caso son bastante decepcionantes.

Falaban de sacar os orzamentos en outubro, pero agora que están no goberno e saben que o funcionariado da de si o que pode; cree que ninguén pode poñer en dúbida a profesionalidade e dedicación dos secretarios interventores que tivemos, co que politicamente está moi ben falar de ter os orzamentos en outubro, pero a realidade é a que é; sociais eran os seus orzamentos e non os de agora.

Solicita aclaración en relación ás seguintes partidas, á consignación e en que consisten: 2312.22699; 2313.22699; 3381.22699, 4321.22699; 4500.22706; 2314.22799; 2315.22799; 1710.60999; 4541.61903.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.

A concelleira do Grupo Socialista, Sra. Rodríguez Ferreiro, manifesta que presentan uns orzamentos o máis axustados á realidade, onde temos que destacar que son os orzamentos máis sociais dos últimos doce anos; Cabanas merecía uns orzamentos diferentes, que non nos levasen a un Plan Económico Financeiro nin a desaxustes por malas previsións de gastos e ingresos. Estes orzamentos están axustados á realidade dos ingresos, collendo como referencia a execución do orzamento e a previsión do 2019, a liquidación do orzamento de 2018 e o censo actualizado para o cobro de impostos e taxas. Tamén se regularizará o cobro de taxas, onde nos atopamos con desaxustes no cobro das mesmas;

Inclúense no orzamento de ingresos os gastos correntes financiados polo POS+2020, así como as obras aprobadas do POS+2020.

Na área de ingresos podemos dicir que son uns orzamentos axustados á realidade; en gasto destacan o incremento en gasto social, cun incremento en emerxencia social, que pasa de 4.000,00 a 10.000,00 euros; axudas a estudos, onde se pasa de 2.000,00 a 10.000,00 euros; en Igualdade, Muller, LGTBI e conciliación familiar, incrementábase de 20.000,00 a 35.000 euros; en Dependencia pasamos de 190.000,00 a 200.000,00 euros; en Mocidade, de 3.000,00 a 6.000,00 euros; loita conta vespa velutina e outras pragas pasa de 600,00 a 2.000,00 euros; melloras en parques infantís, que pasan de 1.000,00 a 7.000,00 euros; mellora enerxética, que pasa de 1.000,00 a 7.000,00 euros; mellora de equipos de traballadores públicos, 4.000,00 euros máis; Deportes pasa de 40.000,00 a 55.000,00 euros; en asociacionismo prodúcese un incremento das partidas de convenios e subvencións a entidades, incrementando 3.000,00 para convenios, que serán repercutidos no próximo convenio que se firmará cunha entidade deportiva municipal de motocross; a partida de subvencións a entidade locais incrementábase en 2.000,00 euros.

Nestes orzamentos farase unha inversión en investimentos de mellora e acondicionamento de edificios municipais, culturais, deportivos e turísticos, xa que moitos deles atópanse nun estado lamentable de abandono, causado polas políticas dos últimos anos de non manter o que xa temos.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Por último este goberno aposta pola accesibilidade, creando novas partidas por importe de 3.000,00 euros.

O concelleiro do Grupo BNG, Sr. Varela Martínez, manifesta que non vai a entrar en cifras., porque xa as comentou a Sra. Rodríguez Ferreiro. Durante os últimos anos, os orzamentos non estaban axustados á realidade; o que fixo este goberno foi redactar un orzamento que se correspondese coa realidade; había partidas que ano tras ano había que incrementar indo agora incrementadas de base, sendo un orzamento máis realista e máis fiel ao que precisa este concello, aos gastos e ingresos reais.

En relación á participación, este goberno desenvolveu este ano o Regulamento de Participación Veciñal, que estivo en exposición pública, non recibindo alegacións, e que teñen pendente de levar ao Pleno Ordinario do mes de xaneiro. A partir de aí poderán desenvolver os orzamentos participativos, contando con todas as entidades a veciñanza.

Manifesta que participación non é ir ás entidades presentar uns orzamentos, que non presentaban ao resto de grupos, e logo non incluír ningunha desas cousas que se comentaban nesas reunións no documentos dos orzamentos. A participación ten que estar regulada.

Continúa a intervención dicindo que facer oposición tamén implica estudar os orzamentos, para poder facer as alegacións e emendas precisas; iso implica un traballo que se pode facer ou non, xa que cada un fai oposición como quere.

Conclúe con que son uns orzamentos que incrementan o gasto social, con partidas que se multiplican por cinco, e dicir o contrario é faltar á verdade.

O concelleiro de EM (Grupo Mixto), Sr. Pérez Sardiña, insiste en que a falta de participación é importante e moi patente, e que o regulamento non vai a traer participación; en canto a que non se presentaron alegacións a un Regulamento de Participación Veciñal pregunta cantas persoas puideron acceder a el, xa que xente que intentou acceder non puido porque había que entrar con DNI electrónico.

Continúa intervención dicindo que en relación ao marco normativo de pouco vale incrementar as partidas de emerxencia social cando non cambian o marco normativo; de pouco vale incrementar a partida de axudas a estudos cando o Pleno en setembro aprobou crear unha ordenanza de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar e non se levou ao Pleno ningún tipo de modificación neste ano, que era o que se pedía; a partida de axudas a estudos, que era algo do que se

Cando presentamos unhas emendas téñense que adaptar a situación real, tendo en conta situacións de de necesidade, como as que tiveron lugar a raíz das inundacións e temporais; considera que este proceso de aprobación dos orzamentos é anti participativo e que puideron facer máis nese sentido.

Demandan coas súas propostas priorizar as necesidades sociais, e así o demostraron presentando estas emendas, impulsando a economía dos coidados e os servizos sociais, e a creación de emprego, especialmente para os colectivos máis vulnerables na situación de crise





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

industrial na que nos atopamos na comarca; consideran que os orzamentos debe ser coherentes coa situación real.

Reitera que o goberno non é capaz de aprobar un calendario á hora de aprobar uns orzamentos para poder participar.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que Cabanas ten uns orzamentos tan sociais que non tiveron en conta á oposición para poder facer ningunha proposta.

En canto á intervención da Sra. Rodríguez Ferreiro, sobre desaxustes e incrementos en impostos e orzamentos de anos anteriores e en canto a non investir e manter o que ten o concello, recorda a situación que tivo que afrontar o Grupo Popular de débeda cando chegou ao goberno, tendo que priorizar e facer fonte a certos pagos antes que poder investir na conservación do que xa tiñamos, cando o actual grupo se atopou coas arcas cheas.

En canto á intervención do Dr. Varela Martínez, agradécelle o comentario de como se debe facer oposición, pero suxire que se dedique a aprenden como se debe facer un goberno digno primeiro, e despois xa falará do seu traballo como membro da oposición.

Continúa a intervención preguntando cal á razón de baixar a dotación do Fondo de Continencia. Reitera que esta pregunta que xa a fixo na Comisión Informativa coa resposta de que era unha decisión da Alcaldía.

Por outra banda, subscribe, falan de orzamentos tan sociais que teñen tres soldos nun concello de 3.000 habitantes. Incrementar certas partidas con un afán populista non fai que os orzamentos sexan máis sociais.

A continuación, o Sr. Alcalde, Ladra Brage, aclara as partidas orzamentarias consultadas pola Sra. Arias Martínez na primeira intervención:

2312.22699: Envellecemento Activo, mobilidade, cidade amiga infancia, normalización lingüística.

2313.22699: Igualdade, Muller, LGTBI, conciliación familiar.

3381.22699: Romarías, mercadiños e Santa Marta.

4500.22706. Novos proxectos.

2314.22799. Punto Atención á Infancia.

2315.22799. Axuda no Fogar, Dependencia.

1710.60999. Traballos e melloras en parques infantís.

4541.61903. Camiños municipais e investimentos.

En canto a encontrar as arcas cheas contéstalle á Sra. Arias Martínez o estado de débeda do Concello en relación ás obra realizadas con cargo aos préstamos provinciais, que supera os 500.000 euros, e que este ano renunciaron a dito préstamo para non seguir incrementando dita débeda.





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Manifesta que é certo que existe superávit pero que tamén teñen un requirimento para un Plan Económico Financeiro por incumprimento da regra de gasto nos exercicios 2017 e 2018.

En canto ao Fondo de Continxencia manifesta que pasa de 35.000,00 a 30.000,00 euros por unha decisión do goberno, recordando que no orzamento do exercicio 2018 había unha consignación de 3.000,00 euros.

En canto aos soldos, manifesta que os gobernos tiveron máis dedicación que unha, co que non ten máis que dicir.

A continuación a Presidencia somete a votación a aprobación do proxecto de Orzamento 2020, resultando seis votos a favor, dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), cinco votos en contra dos representantes do Grupo Popular e concelleiro de EM (Grupo Mixto), e ningunha abstención, resultando aprobada a proposta do orzamento municipal para o exercicio 2020.

A continuación a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos, da cal estendo a presente acta, a cal se une como Anexo a gravación sonora, e do que eu como Secretaria accidental, dou fe.

Vtº e praxe.
O Alcalde

A Secretaria accidental

